

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019062	IES Rosais 2	Vigo	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

A materia de Expresión artística constitúe a extensión da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual desenvolvida polo alumnado desta etapa en cursos anteriores, contribuíndo á adquisición das competencias da etapa. Nesta materia o alumnado poderá desenvolver a súa capacidade expresiva, seguirá a adquirir pautas e ferramentas que lle permitirá explorar e poñer en valor a súa creatividade á vez que afondará no coñecemento e apreciación do patrimonio artístico e cultural. Esta é unha materia idónea para desenvolver as fases do proceso creativo de xeito práctico ademais de fomentar o traballo colaborativo, o posicionamento crítico, o debate e a autoavaliación.

En Expresión Artística o alumnado poderá experimentar con diferentes técnicas artísticas e as súas posibilidades expresivas permitiéndolle, por un lado, innovar e buscar unha visión persoal coa que afrontar os retos propostos e, por outra banda, ter un achegamento á historia da arte diferente ao teórico, máis ben baseado no entendemento do equilibrio entre as dificultades técnicas e os intereses expresivos que en diferentes momentos afrontaron as e os artistas nos diferentes campos. Isto aportará unha visión máis próxima á realidade da creación artística e menos idealizada e teórica como adoita a plantexarse noutras materias.

A materia deseñase ao redor de catro competencias específicas a partires dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión cultural, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estas competencias específicas poden traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado e deberá de terse en conta que, por consistir na creación de producións artísticas, a última delas require da activación das tres primeiras, é dicir, da observación e valoración crítica de producións artísticas e da selección e do emprego tanto de técnicas gráfico-plásticas coma audiovisuais. Os criterios de avaliación, que determinan o grao de adquisición das competencias específicas, deben aplicarse nunha contorna flexible e propicia para a expresión creativa do alumnado.

A materia ten un carácter práctico e experimental e así se reflicte nos contidos seleccionados que se atopan organizados en tres bloques:

O primeiro bloque adícase ás «técnicas gráfico-plásticas» e recolle as diferentes técnicas artísticas que o alumnado deberá experimentar e aprender a seleccionar en función das intencións expresivas buscadas. Traballarase as técnicas máis habituais no debuxo, na ilustración e na pintura, tanto secas (debuxo a carbón, lapis de grafito, lapis composto, lapis de cores, ceras, pastel, bolígrafos ou rotuladores), coma húmidas (tinta chinesa, acuarela ou pintura á augada), as técnicas alternativas e mixtas (colaxe, frottage, grattage, decalcomanía, objet trouvé, dripping, assemblage), as técnicas básicas de estampaxe e gravado (en oco e relieve) e técnicas básicas de modelado e de creación de volume.

O segundo bloque está centrado na fotografía, a linguaxe visual, audiovisual e multimedia e nel o alumnado profundizará nas aprendizaxes sobre a linguaxe narrativa e audiovisual adquiridas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual cursada anteriormente. Incidirase no proceso de creación, no deseño de proxectos, na análise crítica da linguaxe publicitaria e da sociedade de consumo, en técnicas e formatos de fotografía e vídeo, así como nos diferentes medios de difusión das producións audiovisuais.

O terceiro bloque adícase ao papel da xeometría na configuración da forma e ao afondamento nos sistemas de representación da xeometría descritiva como ferramenta imprescindible na definición, creación e deseño da contorna e dos obxectos.

Como contidos transversais a estes tres bloques inclúense, entre outros, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuír á educación ambiental do alumnado.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigacións, á cooperación e ao respecto ás demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

Tan importante como a creación é a posta en común é o debate sobre as producións xeradas polos integrantes do grupo, polo que a exposición do traballo individual e en grupos é unha das partes máis interesantes para desenvolver nesta materia. É nestas interaccións onde o alumnado sacará conclusións enriquecedoras tanto do traballo propio como do alleo, permitiéndolle ampliar a súa visión de cara a futuros retos. As actividades de exposición e posta en común son unha ocasión idónea para traballar a cualidades tan importantes como a axilidade na comunicación, o respecto, a humildade, a empatía, a autoconfianza, a asertividade e madurez emocional.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Elementos da linguaxe visual: Cor e composición	Repaso dos elementos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas. As leis da composición. Cor e composición.	6	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Técnicas plásticas, medios, soportes. Aplicacións.	As técnicas grafo-plásticas secas, húmidas, mixtas e alternativas empregadas en debuxo e pintura, principalmente as empregadas nas vangardas artísticas: lapis de grafito, carbón, sanguina, lapis de cores, pasteis, ceras, rotuladores, tinta, grattage, frottage, decalcomanía, etc. Toma de contacto con algunhas destas técnicas, principalmente coas menos coñecidas polo alumnado, experimentando coas posibilidades expresivas que ofrecen. Busca, selección e revisión de autores/as e obras de interese e relevancia nas artes realizadas con estas técnicas. Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo. A importancia da reciclaxe na produción artística.	27	27	X	X	X
3	Graffiti e pintura mural.	Introdución ao Arte Ambiental ou Land Art. Principais exemplos e artistas desta corrente artística. A reciclaxe e o respecto polo patrimonio natural na produción do Land Art. Impacto ambiental das intervencións na paisaxe. Coñecemento das técnicas básicas empregadas na pintura mural. Selección de obras e autores/as relevantes ao longo da historia da arte. Os murais da contorna e artistas contemporáneos. O graffiti: estilos e aspectos técnicos na realización de murais. Selección de obras e autores/as relevantes no ámbito internacional, nacional e da contorna. Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización, seguridade e medios de protección no espazo de traballo dun graffiti.	4	4	X		
4	O volume	Tipoloxías na escultura. Principios e fundamentos do deseño tridimensional. Realizar un exercicio práctico de modelado. Recoñecer autores/as e obras escultóricas significativas ao longo da historia da arte. Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo. A importancia da reciclaxe na produción artística.	9	9	X	X	
5	Imaxe fixa: Cómic. Fotografía. Fotomontaxe.	Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. Narrativa da banda deseñada e os seus elementos.	20	20		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Imaxe fixa: Cómic. Fotografía. Fotomontaxe.	Principios básicos da imaxe en movemento. A medios dixitais. Recoñecemento dos referentes do cómic. Realización dunha tira de banda deseñada A fotografía analóxica. Técnicas alternativas. A fotografía dixital e 3D. A fotomontaxe. Procesos fotográficos alternativos: cianotipia e antotipia.	20	20		X	X
6	Imaxe en movemento. Linguaxe audiovisual.	A imaxe en movemento. Técnicas de animación. Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. Principios básicos da imaxe en movemento. A percepción da imaxe en movemento desde o taumatropo ata hoxe: modalidades de animación. Medios dixitais para realizar animacións. Realización dunha animación en grupos de traballo e presentación ao grupo. Teoría básica e práctica sobre a creación audiovisual, os tipos (cine, publicidade, videoarte, etc), as fases de realización, a narrativa, a linguaxe e recursos dixitais para a edición. Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. O alumnado desenvolverá o proxecto dun produto audiovisual de videoarte pasando por todas as fases (preproducción, produción e postproducción) partindo dunha idea inicial e rematando coa montaxe e posta en común mediante a proxección e debate posterior co resto de alumnado.	8	8			X
7	Xeometría plana.	Construcións e procedementos básicos da xeometría plana. Representación con medios manuais e emprego de aplicacións dixitais	6	6		X	
8	Vistas. Normalización.	Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. Conceptos básicos de normalización. Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.	10	10		X	
9	Deseño e Publicidade.	Unidade na que se analizan, a modo de resumo, as fases dos diferentes tipos de proxectos creativos que o alumnado foi realizando ao longo do curso. Resúmense as peculiaridades do proxecto artístico, do proxecto de deseño e o proxecto audiovisual e a súa aplicación aos proxectos traballados na aula tanto individualmente como en grupo. Farase fincapé no proceso de deseño e os	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Deseño e Publicidade.	diferentes campos do mesmo con seleccion de exemplos (produto, arquitectura, gráfico, etc) e de deseñadores relevantes na historia do deseño. A publicidade gráfica e audiovisual. Estratexias, recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación.	10	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Elementos da linguaxe visual: Cor e composición	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para resumir e transmitir a outros as fases do traballo realizado e as peculiaridades do proceso desenvolvido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
* Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
2	Técnicas plásticas, medios, soportes. Aplicacións.	27

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.	PE	50
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico obtendo conclusións.		
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante no campo do debuxo.	TI	50
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais.</li> <li>- Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas.</li> <li>- Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico.</li> <li>- Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, subtractivos e mixtos.</li> <li>- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.</li> </ul>

Contidos
- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
3	Graffiti e pintura mural.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea sobre unha intervención na natureza ou o entorno urbano, seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais.
- Graffiti e pintura mural.

**Contidos**

- A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza.
- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.
- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
4	O volume	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.	TI	100
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais.</li> <li>- Técnicas básicas de creación de volumes.</li> <li>- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.</li> <li>- Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Imaxe fixa: Cómic. Fotografía. Fotomontaxe.	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha banda deseñada sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.	PE	70
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	TI	30
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición.</li> <li>- Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada.</li> <li>- Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia.</li> <li>- Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional.</li> <li>- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Imaxe en movemento. Linguaxe audiovisual.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción de imaxe en movemento dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	TI	100
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha animación sinxela con intencións expresivas e comunicativas. Capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Capacidade para desenvolver unha narrativa de imaxe en movemento sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver unha idea de animación, seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Amosar interese pola imaxe en movemento. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.</li> <li>- O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva).</li> <li>- Técnicas básicas de animación.</li> <li>- Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Xeometría plana.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para xerar formas mediante procesos da xeometría plana: formas poligonais elementais, transformacións xeométricas básicas e realización de enlaces e tanxencias entre rectas e arcos de circunferencias.	PE	50
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Amosar interese polos elementos da xeometría e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos medios, técnicas e formatos elementais.	TI	50
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Amosar claridade e precisión básicas nas realizacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Construcións xeométricas fundamentais.</li> <li>- Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Vistas. Normalización.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para representar volumes sinxelos nos diferentes sistemas de representación, a partir de duns datos.	PE	50
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Amosar interese polos diferentes sistemas de representación e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos principios básicos de cada sistema visto.	TI	50
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Amosar unhas destrezas básicas na representación así como un nivel aceptable de precisión, claridade e limpeza nas representacións.		
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para resumir e transmitir a outros as fases do traballo realizado e as peculiaridades do proceso desenvolvido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos.</li> <li>- Conceptos básicos de normalización.</li> <li>- Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Deseño e Publicidade.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Capacidade para desenvolver unha publicidade audiovisual sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados.	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción publicitaria dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	TI	50
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver un exemplo de publicidade sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Amosar interese polo campo da publicidade e as súas ferramentas. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard.</li> <li>- O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva).</li> <li>- Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación.</li> <li>- Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de expresión artística centrarase en desenvolver o seu currículo, tratando de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. Desenvólvese principalmente mediante a realización de exercicios prácticos apoiados en sesións explicativas nas que, ademais de servir de guía e dar as orientacións, promoverá o debate sobre aqueles aspectos máis interesantes para promover a participación do alumnado involucrándoo no seu propio aprendizaxe. Así mesmo, fomentarase a reflexión sobre o traballo realizado propio e alleo mediante exposicións e presentacións nas que o alumnado poderá explicar as súas creacións e entender as das/os compañeiras/os.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- O deseño de proxectos multidisciplinares de carácter funcional que doten dun sentido práctico os traballos desenvolvidos, co fin de potenciar unha aprendizaxe significativa.
- O uso de diferentes metodoloxías activas que promovan o traballo en grupo na resolución colaborativa de problemas, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos de forma autónoma e sempre tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe dos membros de cada equipo de traballo.
- A creación na aula dun clima apropiado para reforzar a autoestima, o desenvolvemento da creatividade, a experimentación técnica en proxectos interdisciplinares gráfico-plásticos e potenciando tamén o uso de ferramentas e programas de deseño e debuxo en 2D e 3D.
- O emprego de estratexias para traballar transversalmente a participación activa do alumnado en materia de igualdade, cun enfoque inclusivo, non sexista e de superación de estereotipos discriminatorios. Tamén empregar estratexias para superar os desafíos do século XXI que atendan ao consumo responsable, á diversidade cultural dun mundo cada vez máis globalizado, a unha actitude crítica, ética e responsable da cultura dixital e ao entendemento de que o coñecemento e o compromiso cidadán son o motor do desenvolvemento.
- A realización de traballos diferenciados que favorezan un proceso creativo autónomo, baseado na reflexión persoal, na disciplina e na responsabilidade, atendendo á individualidade de cada alumno, así como ás necesidades específicas de todos eles, á prevención de dificultades e á posta en práctica de mecanismos para superalas a medida que aparezan.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mesas de debuxo
Ordenador con conexión a Internet e proxector con pantalla.
Acceso á aula de ordenadores con conexión a Internet.
Aula virtual.
Acceso á fotocopiadora ou impresora a cor.
Carboncillo, lapis conté e sanguina.
Tórculo de uso escolar.
Materiais para realizar gravado: Planchas de linóleo, planchas de acetato, papel de aluminio, xogos de gubias, xogos de punta seca, tinta de gravado (maxenta, cian, amarelo, branco e negro), espátulas, rodillos de gravado, planchas de vidro e bandexas.
Vertedoiros con conexión á rede de abastecemento de auga.
Afialapis de mesa.

Pintura aerosol (tres cores).
Materiais para modelado: bases de modelado, arxila e ferramentas de madeira ou plástico para modelado.
Cámara reflex dixital.
Trípodes para teléfono móbil.
Pintura acrílica (Maxenta, cian, amarelo, branco e negro).
Paletas de mestura.
Tinta para aguadas (cinco cores).
Bases de corte e cortadores de precisión.

O alumnado deberá aportar algún material propio:

- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Papel para debuxo a acuarela.
- Regra (30 cm).
- Compás.

Na aula haberá dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso realizaranse en cada grupo e nivel da ESO unhas probas iniciais para determinar o nivel dos coñecementos do que parten o alumnado e detectar posibles carencias iniciais.

Posteriormente, a mediados do mes de outubro, se realizarán as avaliacións iniciais dos diferentes cursos de ESO. Nestas avaliacións reúnense todo o profesorado que imparten clase en cada un dos diferentes cursos e algún/algúnha representante da dirección do centro, e cuxo

obxectivo consiste basicamente en:

1) Saber si os coñecementos académicos dos que dispón a/o estudante, son os suficientes para afrontar o novo curso, ou ben necesita algún tipo de reforzo en algunha das materias, para que así poida obter o final do curso os mellores resultados académicos posibles.

2) Tamén se avalía o comportamento xeral do alumnado na aula, entorno familiar en que vive, horarios de estudio... Para así no caso de que exista algunha anomalía nestes aspectos, poder corraxilos.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>27</b>	<b>4</b>	<b>9</b>	<b>20</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	50	0	0	70	0	50	50	50	<b>40</b>

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>27</b>	<b>4</b>	<b>9</b>	<b>20</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	50	100	100	30	100	50	50	50	<b>60</b>

### Crterios de cualificación:

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán:

- 1.- (45%) LÁMINAS E TRABALLO TRIMESTRAL- A realización de diferentes fichas ou láminas de tipo practico propostas según os contidos a desenvolver, realizados polo alumnado de forma individual ou en grupo a proposta da profesora. Elaboración de algún traballo especial que complementa as láminas.
- 2.- (45%) Probas obxectivas prácticas nas que se valora a adquisición dos contidos correspondentes.
- 3.- (10%) ACTITUDE.

O resultado de cada avaliación será o resultado da media de estes procedementos.

A cualificación de cada avaliación verá determinada por a consideración dos procedementos de avaliación mencionados coas seguintes consideracións.

1) As láminas propostas en clase serán de entrega obrigatoria polo que calquera de elas non entregada terá a valoración parcial de cero, as láminas entregadas tarde ( nun prazo non maior de dúas semanas dende a súa entrega teórica ) ou sen nome terán a súa nota rebaixada nun punto, en caso de pasar de esa data a súa cualificación rebaixarase a metade.

2) No apartado de actitude terase en consideración:

¿ Presentación do material requirido en cada unidade didáctica así como o coidado, orden e limpeza do mesmo.

¿ Aproveitar o tempo na aula, realizando as actividades indicadas pola profesora, e atendendo as súas explicacións e as dos compañeiros e compañeiras. Traballar de forma eficaz, mostrando motivación, iniciativa e creatividade no desenvolvemento das actividades e nas achegas.

¿ Participar activamente na clase, preguntando todas as dúbidas que xurdan e achegar ideas e opinións xustificadas, con criterio e respecto. Empregar unha linguaxe adecuada en todo momento, tanto verbal como non verbal, coidando de non berrar nin de dar impresións equivocadas mediante a entoación, os xestos ou os movementos. Respectear a quenda de palabra, tanto ao falar como ao escoitar os seus compañeiros e compañeiras, sempre con interese e valorando as súas achegas, e sendo capaz de aceptar comentarios e críticas construtivas.

En caso de non realizar ningún exame nunha avaliación o 45% correspondente engrosará a porcentaxe das láminas e traballos.

### Crterios de recuperación:

#### RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS SUSPENSAS

A recuperación de avaliacións non superadas farase despois de cada trimestre mediante probas obxectivas e entrega dos traballos non realizados nese período.

En caso de non realizar ningún exame as láminas e traballos contan o 100%.

#### AVALIACION ORDINARIA 21 XUÑO

Proporase aos alumnos un caderno de actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación e farase un exame nas datas fixadas polo departamento. A recuperación dependerá ao 50% de cada un destes apartados.

En caso de non realizar ningún exame as láminas e traballos contan o 100%. As entregas dos traballos deberán realizarse dentro do prazo establecido e preferentemente dixitalizadas a través da aula virtual.

#### PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Proporase aos alumnos un caderno de actividades e farase un exame nas datas fixadas polo centro. A recuperación dependerá ao 50% de cada un destes apartados.

En caso de non realizar ningún exame as láminas e traballos contan o 100%. As entregas das prácticas deberán realizarse dentro do prazo establecido e preferentemente dixitalizadas a través da aula virtual.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidade visual, auditiva, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE) realizaremos adaptacións de accesibilidade ao currículo así como recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X				X			
ET.3 - Comunicación audiovisual						X		
ET.4 - Competencia dixital						X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial					X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

### Observacións:

Se ben todas as actividades propostas permiten afianzar e traballar os elementos transversais citados (Independentemente da unidade didáctica á que pertencen) sinálanse aquelas unidades didácticas máis relevantes no fomento dos elementos transversais concretos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita guiada ao museo o ao Centro Cultural	Uns dos obxectivos desta materia é o de xerar o hábito de achegarse aos museos e disfrutar das pezas artísticas promovendo a investigación previa sobre as mesmas. Rematar a visita facendo un taller de arte (gravado, pintura, debuxo, fotografía, etc) fai que o alumnado enriqueza a súa visión da produción artística			X
Charla con un artista plástico ou ilustrador/a.	Trátase de poñer en contacto ao grupo cun artista no seu espazo de traballo para que o alumnado poda ter unha visión real de como se desenrola a actividade artística. O desenvolvemento dos medios dixitais permiten hoxe simplificar estas actividades de interacción.		X	

### Observacións:

A visita ao museo está suxeita á dispoñibilidade do mesmo polo que o destino podería sufrir modificacións.  
O/A artista participante na charla online está por concretar.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) - Dase a coñecer a programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
(P) - Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.
(M) - O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema.
(M) - O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas.
(M) - O grao de participación durante as explicacións é axeitada. Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado.
(M) - Deséñanse varias prácticas para facer en grupo.
(M) - O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado.
(M) - Amósanse suficientes exemplos para que o alumnado teña referencias dos exercicios prácticos que debe desenvolver.
(AD) - A programación contempla a atención á diversidade.
(AD) - Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso.
(AD) - Tense en conta a AD na organización da aula e na creación de grupos para os traballos.

(AD) - Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario.
(AD) - Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións obxectivos.
(AV) - Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica.
(AV) - Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado.
(AV) - O alumnado coñece os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos.
(AV) - Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia.
(AV) - No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación p r o p i a c o m o docente.

- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.

- Analizar os resultados obtidos.

Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

indicadores de logro organízanse en torno a catrōs apartados:

- (P) Programación. - (M)

Metodoloxía. - (AD) Atención á diversidade. - (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación de Expresión Artística de 4º de ESO realizarase con anterioridade ao comezo do curso académico. Para a súa realización terase en conta:

axustes normativos a que puideran terse producido con aplicación no novo curso. - Os cambios ou

As anotacións e propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados e faranse constar nas actas das reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.

cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos; - Rúbrica de autoavaliación que facilite

resultados. - Estatísticas de

Cuestionarios e enquisas ao alumnado. -

## 9. Outros apartados